


OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO



BUSCAMOS UNHA MASCOTA PARA A BIBLIOASMA.

Ofréceselle emprego fixo con dereito a casa propia, amoblada, moi xeitosiña, ben situada en plena Ribeira Sacra, con conexión a internet, calefacción e inmellorable veciñanza.

Só se lle esixe boa aparencia, unha certa gracia, moi bo carácter e que lle guste ler.

Razón: BiblioAsma
Do IES Val do Asma de Chantada

Desde o 2020 a biblioteca do I.E.S. “Val do Asma” de Chantada ten nome propio, “BIBLIOASMA”, e mais, desde o curso pasado, un blog asociado á páxina web do centro.

Agora no 2022 precisamos atopar unha mascota para a “BIBLIOASMA” e por iso convidamos a todo o alumnado do centro a participar nun concurso de debuxo.

Se queres ser ti quen cree a nosa mascota telo ben doado:

1. Inventa un personaxe simpático e ledo que guste de gatear polas baldas e tomarse a ler ou ver cine nos asentos da biblioteca, flipe coa lectura de banda deseñada, relatos e poesía, a quen lle encanten as viaxes, as historias románticas, as aventuras, os vampiros, os personaxes históricos, os misterios...
2. Despois, ponlle un nome orixinal que ninguén máis teña no mundo enteiro, fácil de lembrar e gracioso.
3. E xa nada máis que animarte a concursar.

Estas son as bases do concurso para elixir a mascota da “BIBLIOASMA” :

1. Pode participar todo o alumnado do centro, tanto da E.S.O., do BACHARELATO ou dos ciclos, nunha única categoría.
2. Cada participante presentará un único debuxo en **formato A5**.
3. O debuxo da mascota debe ser absolutamente **orixinal**, sendo necesario crear unha imaxe de corpo completo.
4. As liñas externas do debuxo hanse resaltar con tinta negra podendo empregar bolígrafo, rotulador, pilot ou outro utensilio similar.
5. O personaxe pode levar vestimenta, complementos, elementos, ferramentas ou obxectos distintivos que o caractericen para o desempeño do seu traballo de mascota na nosa biblioteca.
6. Canda o debuxo hai que engadir o nome da mascota en galego
7. No reverso do debuxo cómpre anotar o nome, apelidos e mais o grupo e nivel de cada concursante.
8. As persoas participantes han entregar os seus debuxos nun destes lugares:
 - na Biblioteca
 - na Conserxería
9. O prazo de entrega remata o día 19 de outubro.
10. O xurado estará composto polos profesores do Equipo da Biblioteca e do Departamento de Plástica.
11. O fallo do xurado, a presentación ao público da mascota seleccionada e maila entrega do premio-vale de 20€ para gastar nun tenda de deportes ou nunha librería- terá lugar o luns 24 de outubro, Día Internacional da Biblioteca.
12. A mascota gañadora poderá modificarse para adaptarse mellor ás actividades e necesidades da Biblioteca e contribuirá a dinamizar o seu funcionamento e, asemade, ambientará outros recunchos e actos do centro.
13. Poderase declarar deserto este concurso por falta de calidade nos traballos presentados